



BASES SELECCIÓN PERSOAL DUNHA PRAZA DE CONDUTOR DE "TRACTOR CON ROZADORA E OUTRA MAQUINARIA SIMILAR" POR CONCURSO – OPOSICIÓN

Bases específicas que a rexeran a provisión por concurso – oposición como persoal laboral temporal de unha praza de "Condutor de Tractor con rozadora e outra máquina similar".

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria.

Teñen por obxecto as presentes Bases regulamentar o trámite para seleccionar e contratar a un condutor de tractor con rozadora e outra maquinaria similar, necesaria para levar a cabo a tarefa de limpeza e tratamento e, no seu caso , traslado dos residuos resultantes dos desbroces nas vías de titularidade provincial e municipal.

O contrato que se formalice será baixo a modalidade de "Contrato por obra ou servizo determinado, de xornada completa distribuída segundo necesidades do servizo", respectando o cumprimento máximo de horas previsto na normativa vixente na materia.

O salario axustarase á subvención concedida pola Deputación Provincial para o exercicio corrente, non sendo inferior en ningún caso ao salario mínimo interprofesional.

SEGUNDA.- Tarefas da praza.

As tarefas da praza serán as sinaladas a continuación:

- Conducir o tractor con rozadora e outra maquinaria similar .
- Realizar os traballos de roza e outros relacionados con tarefas similares.
- Manter a maquinaria en perfecto estado de conservación.
- Realizar as reparacións que non necesiten ir ao taller
- Todas aquelas inherentes ao seu posto de traballo e que a Alcaldía lle asigne.

TERCEIRA.- Requisitos que deben reunir os/as aspirantes.

Para tomar parte no citado concurso, será necesario reunir os seguintes REQUISITOS, (debendo presentar xustificante dos mesmos):

- *Nacionalidade:* Ser de nacionalidade española ou de nacionalidade dalgún dos demais estados membros da Unión



Europea, así como os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois/españolas ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, así como as/os descendentes de ambos os cónxuxes, de menos de vinte e un anos ou maiores desta idade que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, de ser o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as.

Ademais das persoas sinaladas no parágrafo anterior, poderán acceder a ela os estranxeiros/as que se atopen residindo en España, de acordo co previsto no artigo 10.2 da vixente Lei orgánica de dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

- *Idade*: Ter cumpridos 16 anos e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa. –
- *Capacidade funcional*: Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- *Habilitación*: Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. Neste suposto de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- Estar en posesión e ter en vigor o *carné de conducir clase B.-*.
- Todos os requisitos xerais e específicos deberán estar en posesión dos solicitantes o día en que remate o prazo de presentación de solicitudes.

CUARTA.- Presentación de Solicitudes e admisión de aspirantes:

A) Presentación de solicitudes.

1.Os/as interesados/as poderán presentar as súas solicitudes nas Oficinas Municipais (deberán indicar o seu número de teléfono e o seu correo electrónico no caso de o ter) , en horas de 9 a 14 , tamén poderán remitirse por calquera dos medios recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro; *(Si se tramitan por este último procedemento e dada a urxencia da contratación debido os prazos a cumprir na súa xustificación, deberán adiantar a solicitude e*



documentación mediante burofax ou fax, sen perxuicio de remitir a documentación orixinal ou copias cotexadas);

2. PRAZO de presentación de solicitudes. Será de 5 días hábiles. *O devandito prazo computarase a partir do día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP (se o último día coincide en sábado, domingo ou festivo, entenderáse prorrogado ata o seguinte día hábil)*

Os demais anuncios referidos a esta convocatoria publicaranse exclusivamente no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello www.amezquita.es.-

3. Documentación a presentar:

3.1. solicitude según modelo oficial (anexo I)

3.2. Xunto coa solicitude presentárase a seguinte documentación: DNI, Carné de Conducir

B) Admisión de aspirantes.

O primeiro día hábil seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a lista de admitidos/as e excluídos/as. Na dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do concello, indicárase a causa da exclusión e concedéndose un prazo de cinco días hábiles para a subsanación de defectos, no seu caso. De non existir subsanacións a lista provisional elevarase a definitiva, na que se nomeará o Tribunal Cualificador.

QUINTA.- Tribunal Cualificador.

O Tribunal Cualificador designado polo Alcalde estará integrado de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/5015 polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar, sen a presenza de, polo menos, tres dos seus membros.

SEXTA.- Procedemento selectivo.

O procedemento de selección será o concurso-oposición , no que se valorará a experiencia profesional e a formación nas materias propias do posto de traballo que se convoca e constará das seguintes fases:



A) FASE DO CONCURSO:

Nesta fase atenderase aos seguintes criterios:

➤ Experiencia Profesional, relacionada coas funcións do posto, ata un máximo de 5 puntos

*os servizos prestados na Administración en prazas similares, valoraranse con 0,20 puntos por mes completo.

*Os servizos prestados noutras empresas, como traballadores por conta allea e/ou autónomos, valoraranse con 0,10 puntos por mes completo.

A experiencia profesional deberá acreditarse mediante **informe de vida laboral** e os contratos correspondentes onde se faga constar o tipo de contrato e obxecto e/ou Certificado de servizos prestados nas Administracións Públicas. En todo caso dos traballadores autónomos certificado de vida laboral e declaración censual de alta como empresario e da actividade económica realizada (I.A.E.).

Non se computarán os servizos prestados simultaneamente con outros igualmente alegados, nin as fraccións de meses.

➤ Formación: Cursos realizados relacionados coas funcións propias da categoría segundo o baremo seguinte, ata un máximo de 4 puntos:

- Cursos de ata 20 horas : 0,10 puntos.
- Cursos de 21 horas a 50 horas: 0,30 puntos.
- Cursos de 51 horas a 100 horas: 0,40 puntos.
- Cursos de máis de 100 horas: 0,60 puntos.

A formación acreditarase mediante título, diploma ou certificado no que deberá constar a acción formativa realizada e a súa duración en horas.

➤ Permisos para conducir vehículos:

- Permiso tipo C1: 1 punto
- BTP:1 punto

Para acreditar a posesión dos permisos de conducir adxuntarase fotocopia dos mesmos.

➤ Situación de desemprego (puntuación máxima 4 puntos). Pola inscrición acreditada como demandante de emprego sin percibir prestación por desemprego 0,15 puntos/mes ata o máximo indicado.

Será preciso presentar informe actualizado do servizo público de emprego acreditativo da situación de desemprego e duración da mesma así como certificado de prestacións.

➤ Cargas familiares. (Puntuación máxima de 2 puntos)

- Renda da unidade familiar inferior o SMI_____1 punto
- Cargas familiares de fillos menores_____0,5 puntos por fillo



Para acreditar estes méritos presentárase o libro de familiar para as cargas familiares, e certificado de prestacións tanto da seguridade social como do INEM para a renda da unidade familiar mediante.

➤ Primeiro Emprego: puntuarase con 2 puntos, aquelas solicitudes que acrediten que esta praza, pola que concursan, sería o seu primeiro posto de traballo.

En ningún caso se admitirán nin valorarán méritos que non estean suficientemente acreditados ou presentados unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

2º) **FASE DA OPOSICION**

Realizarase unha proba práctica sobre o terreo, na que se avaliará a pericia no manexo do tractor con rozadora .-

Esta proba valorarase cun máximo de 7 puntos (mínimo para superala 3,5 puntos)

SÉTIMA.- Relación de aprobados e nomeamento

A *valoración de méritos* contemplada nestas bases terá lugar o primeiro día hábil posterior a publicación da lista de aspirantes no caso de estar todos admitidos, e no caso de haber excluídos e polo tanto posibles reclamacións e subsanacións, a valoración de méritos terá lugar o día seguinte de rematar o prazo de 5 días hábiles de subsanacións de documentación.

Unha vez realizadas todas as fases do procedemento, o Tribunal Cualificador elaborará unha proposta coa relación de aspirantes por orde de puntuación que elevará ao Sr. Alcalde-Presidente para que proceda a efectuar o nomeamento e contratar á persoa nomeada.

OITAVA.-Fórmase unha bolsa de traballo específica coas seguintes persoas que se presentaran ó proceso selectivo e que quedaran sen praza, para ocupar o posto de traballo no caso de vacante ou renuncia dalgunha das persoas que obtiveran praza. E ser consideradas aptas polo Tribunal para formar parte da bolsa de emprego.

No caso que por necesidades do servizo se precise mais persoal, algunha ou algunhas persoas da bolsa de emprego poderán ser contratados temporalmente para cubrir as necesidades do servizo.



Concello de
A MEZQUITA


Avda. da Constitución, 7 | 32549 A MEZQUITA (Ourense)
Telf. 988 42 55 41 | Fax 988 42 56 30
concello.de.amezquita@eidolocal.es
www.amezquita.es

NOVENA.- As presentes Bases e cantos actos se deriven desta impugnaranse cos medios e forma previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Para o non previsto nestas bases ou en aquilo que as contradigan, será de aplicación a Lei 7/1.985, do 2 de abril; o RDL 781/86, do 18 de abril; o Real Decreto Legislativo 5/5015 polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público; o RD 896/91, de 7 de xuño e demais normativa vixente en materia de selección do persoal ó servizo das Entidades Locais.

O ALCALDE,



Asdo.: Rafael Pérez Vázquez.



ANEXO I
SOLICITUDE POSTO DE TRABALLO DE:
CONDUTOR DE TRACTOR DON ROZADORA E MAQUINA
SIMILAR

D/ Da....., con DNI número.....,
e domicilio, para os efectos de notificación, en.....
C.P.....
Teléfono.....

EXPÓN:

Que desexa participar no concurso convocado para a provisión do posto de traballo de: CONDUTOR DE TRACTOR CON ROZADOR E MÁQUINA SIMILAR mediante contratación en réxime laboral de contrato por obra ou servizo, modalidade de contrato de duración determinada a tempo completo, de acordo coas bases da convocatoria aprobadas por Resolución da Alcaldía de data.....

Para tal efecto fago constar:

- Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na base terceira da convocatoria.
- Que achega coa presente solicitude os méritos e documentación xustificativa para a súa estimación

Así mesmo DECLARO:

1. Que reúno os requisitos necesarios para contratar coas administracións públicas, que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente, que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, e que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

2. Baixo a miña responsabilidade que non padezo enfermidade, nin estou afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible ou me impida o normal desempeño das funcións do posto de traballo ao que se refire o presente proceso de selección.



Por todo elo, SOLICITA:

Ser admitida/o a participar no referido concurso no posto de
CONDUTOR DE TRATOR CON ROZADORA E MAQUINA SIMILAR

Documentación que achega:

-
-

O abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos
tódolos datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e
cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na
presente convocatoria e praza solicitada, así como que acata
integralmente o contido das bases

A Mezquita, a de de 2017.
ASDO:

AO SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE A MEZQUITA